



Concello de Cangas

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2018/20	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	21 de maio de 2018
Duración	Desde as 20:00 ata as 20:35 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	SÍ
78734984G	JESÚS ANTONIO PEREZ GALLEGO	SÍ
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	NON
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁN XELA VIZOSO MARCOS	NON

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada en data 15 de maio de 2018

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 15 de maio de 2018.

Expediente 1774/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 1774/2018.- A "INPEMAG SERVICIOS DE INGENIERÍA SL", con domicilio a efectos de notificacións na Avenida Jaime Janer, nº 132-baixo-Marín, para en San Cibrán-Vilariño-Aldán, autorizar a ocupación de dominio público e conceder licenza de obras para canalizar unha rede de baixa tensión soterrada de 26,00 metros de lonxitude, de conformidade coa documentación presentada en data abril de 2018 e coas seguintes condicións:

As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro. Non se permiten reposicións parciais.

Nin durante o período das festas de nadal (21 de decembro a 7 de xaneiro) nin durante as de Semana Santa. Deberá regular o tráfico durante as obras. Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

Debe computarse no aval global depositado o importe de trescentos euros (300,00 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "INPEMAG SERVICIOS DE INGENIERÍA SL", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederáse por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Para a conexión coas vivendas, advírteselle da obrigatoriedade imposta polo art. 194.3 da Lei 9/2002, do Solo de Galicia e 43.1 da Lei 8/2012, de Vivenda de Galicia, da esixencia aos propietarios, da correspondente licenza de primeira ocupación para poder contratar o servizo.

Expediente 744/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 744/2018.-

PRIMEIRO.- Outorgar, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a D. B. O., para en solo regulado pola ordenanza do PEPRI, para reforma interior, substitución de tella e carpintería interior de vivenda sita en rúa Real, nº 8-Cangas, de conformidade co proxecto redactado polos arquitectos "UNMAISUNARQUITECTOS" de data xaneiro de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afección do PEPRI e cumprirá a súa normativa de aplicación durante a execución de obras e cumprirá co establecido nos artigos 38 e 47 do PEPRI e, unha vez rematadas as obras, deberá formalizar perante o Catastro inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material da obra ascende a dezanove mil novecentos corenta euros (19.940,00 €).

SEGUNDO.- A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de SEIS MESES e o de terminación de TRES ANOS, desde a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a SEIS MESES.

Expediente 953/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 953/18- Outorgar á COMUNIDADE PROPIETARIOS RODEIRA 80, con enderezo en Avda. de Ourense, nº 80-Cangas, licenza de obras para a instalación de un ascensor en edificio de vivendas sito no mesmo lugar, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto I. M. R., de data 6 de febreiro de 2018. O presuposto de execución material ascende a trinta e oito mil cento oitenta e tres euros con sesenta e catro céntimos (38.183,64 €).

Autorizar a excepcionalidade do cumprimento das condicións de habitabilidade reguladas no Decreto 29/2010, de 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas en Galicia con base no informe favorable do arquitecto de data 16.05.2018, respecto do proxecto básico e de execución visado 06.02.2018 elaborado polo arquitecto I. M. R.

Expediente 1206/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento



EXPEDIENTE N° 1206/18.- Outorgar a E. e S. P. G., con enderezo na Avda. de Vigo, n° 14-1ª-Cangas, sito no lugar da rúa Héroes de 1617, n° 57-San Roque, licenza de obras para a construción dunha edificación auxiliar de 30,00 m2., de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto R. O. S., de data febreiro de 2018. O presuposto de execución material ascende a cinco mil euros (5.000,00 €).

Formalizarase perante o Catastro inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza.

Acéptase a cesión para ampliación do vieiro municipal formalizada en acta de comparecencia de data 9 de maio de 2018 e a fianza depositada en 'Abanca', para responder polas obras de urbanización que ascende a trescentos noventa e cinco euros (395,00 €).

Expediente 2134/2018. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 2134/2018.- Outorgar a M. F. M., con enderezo a efectos de notificación no lugar da Serra de Poente, n° 36-Darbo, para en solo regulado pola ordenanza do PEPRI, agás dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra para demolición de edificación sita en rúa Sol, n° 21-Cangas, de conformidade co proxecto de demolición elaborado polo arquitecto técnico F. M. L., visado o 19 de abril de 2018. A obra desenvolverase no ámbito de afeción do PEPRI e cumprirá a súa normativa de aplicación durante a execución de obras e, unha vez rematadas as obras, deberá deixar a rúa nas mesmas condicións ás existentes e deberá formalizar perante o Catastro inmobiliario a declaración conducente a incorporación neste da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza. O presuposto de execución material da obra ascende a tres mil oitocentos euros con catro céntimos (3.800,04 €).

Expediente 274/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 274/2018.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. C. G. H., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Seixo, n° 14-1º-Cangas, para reformas e acabados de interior e terraza en vivenda sita na rúa Seixo, n° 14-2º-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente redactada en data xaneiro de 2018. O presuposto de execución material ascende a tres mil novecentos seis euros con noventa céntimos (3.906,90 €).

Expediente 2286/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento



EXPEDIENTE N° 2286/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por Y. R. M., con enderezo a efectos de notificacións na Avda. de Marín, n° 3-baixo-Cangas, para acondicionamento de local sito no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución material ascende a catrocentos cincuenta euros (450,00 €).

Expediente 2302/2017. Cambio de titularidade para o exercicio de actividade

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE N° 2302/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por Y. R. M. con enderezo a efectos de notificacións en rúa Nicolás Tenorio, n° 38-baixo dereita-Viana do Bolo-Ourense, para cambio de titularidade de café-bar no local sito na Avda. de Marín, n° 3-baixo, que ata agora rexentaba M. F. R.

Expediente 2310/2017. X-16/15.- Proposta da Alcaldía relativa á Sentenza n° 33/2018 do Xulgado do Contencioso-Administrativo n° 3 de Pontevedra (P.O. n° 339/2016)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Dase conta de proposta da Alcaldía de data 16.05.2018, referente a Sentenza n° 33/2018 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n° 3 de Pontevedra, que di o seguinte:

"Vista a sentenza n° 33/2018 de 08.05.2018 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo n° 3 de Pontevedra no procedemento ordinario n° 339/2016, instruído a instancia de C. J. P. S. e M. D. P. S. contra o Concello de Cangas pola desestimación por silencio do requirimento formulado polos recorrentes perante o Concello de Cangas por escrito con entrada no seu rexistro de data 05.10.2016, ao abeiro do art. 30 LXCA, sobre vía de feito en intimación do cese na ocupación duns terreos da súa propiedade sitos no lugar de Erbello, parroquia de Aldán, de dito termo municipal, invadidos por dita entidade local con motivo das obras de ampliación dun vial da súa titularidade executadas no ano 2014 e co seguinte fallo literal:

'Estimo substancialmente o recurso contencioso administrativo seguido perante este xulgado como Proceso Ordinario n° 339/2016 a instancia de M. D. L. e C. J. P. S., contra a desestimación por silencio do requirimento formulado polos recorrentes perante o Concello de Cangas por escrito con entrada no seu rexistro de 05.10.2016 ao abeiro do art. 30 LJCA, sobre vía de feito en intimación do cese na ocupación duns terreos da súa propiedade sitos no lugar de Erbello, parroquia de Aldán, de dito termo municipal, invadidos con motivo das obras de ampliación dun vial da súa titularidade executadas no ano 2014.

Condeno ao Concello demandado a aboar aos recorrentes a cantidade de trinta e oito mil douscentos vinte e cinco euros con sesenta céntimos (38.225,60 €), comprensiva do valor dos bens usurpados (trinta mil cincocentos oitenta euros con corenta e oito céntimos (30.580,48€)) e da indemnización dos danos e perdas derivados da ilexítima ocupación (sete mil seiscentos corenta e cinco euros con doce céntimos (7.645,12 €)), mailos intereses legais correspondentes calculados desde a data de ocupación dos terreos, así como, ao pago das custas procesais co



límite de oitocentos euros (800,00 €) no relativo a gastos de defensa e representación.

*Esta sentenza non é firme pois fronte a ella cabe interpoñer recurso de apelación no prazo dos 15 días seguintes ao da súa notificación, do que coñecerá a Sala do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e para cuxa admisión a trámite se esixirá ao seu promovente que aporte xustificante bancario acreditativo de ter constituído un depósito de cincuenta euros (50,00 €) en efectivo en calquera sucursal do Banco de Santander na conta de depósitos e consignacións aberta a nome deste xulgado (3597.0000.22.nº procedemento xudicial)'.

Visto o informe achegado polo avogado que actuou en representación do Concello no presente procedemento en relación coa sentenza con motivo da súa comunicación o día 10.05.2018 e que figura incorporado ao expediente, procede que a Xunta de Goberno Local tomando coñecemento do contido da sentenza se pronuncie sobre a interposición de recurso contra esta.*

Polo exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

Polo exposto, esta Alcaldía propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Tomar coñecemento da sentenza nº 33/2018 de 08.05.2018 ditada polo Xulgado Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, no procedemento ordinario nº 339/2016 instruído a instancia de C. J. P. S. e M. D. P. S. contra o Concello de Cangas.

Segundo.- A Xunta de Goberno Local deberá pronunciarse sobre a interposición de recurso de apelación comunicando a decisión adoptada ao departamento de apoio xurídico a efectos da tramitación sucesiva".

A Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Quedar informada da proposta da Alcaldía de data 16.05.2018, referente á Sentenza nº 33/2018 ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 3 de Pontevedra, transcrita anteriormente.

SEGUNDO.- Que polo departamento de apoio xurídico se proceda a tramitar a interposición de recurso de apelación.

TERCEIRO.- Designar a E. P. C. como procurador para a representación municipal na tramitación do citado recurso.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ao avogado do concello no procedemento, así como ao departamento de apoio xurídico e ao procurador designado.

Expediente 2415/2018. Proposta de concesión do servizo de xantar na casa

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Vista a solicitude e documentación presentada pola persoa solicitante e tralo informe social elaborado pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios, a Xunta de Goberno Local adopta a seguinte resolución:



* CONCEDERLLE a A.C.A., co expediente nº 36008/02/002028, o programa de xantar na casa por reunir os requisitos establecidos para o acceso a este, cun custo para o Concello de prezo do menú de un euro con sesenta e sete céntimos (1,67 €/día).

- Data prevista de alta no programa de xantar na casa: maio ou xuño de 2018.

Expediente 2847/2017. C-16/06.- Proposta do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade para prórroga de contrato do servizo de impartición de cursos dedicados a maiores

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 14.05.2018 do concelleiro de servizos sociais, igualdade e sanidade, referente a proposta de prórroga de contrato do Servizo de impartición de cursos dedicados a maiores, que é como segue:

"Visto o contrato asinado o día 28.11.2016 entre o Concello de Cangas e a empresa adxudicataria 'IBÉRICA SOLUCIONES FORMATIVAS Y CONSULTORÍA SL', para a prestación do 'Servizo de impartición de cursos dedicados a persoas maiores'.

Visto que a cláusula 3ª do referido contrato establecía que: 'A duración do contrato será de dous anos con posibilidade dunha prórroga de un ano. As datas de inicio e fin de cada curso son:

Ø 1º.- do 28.11.2016 a 30.06.2017.

Ø 2º.- do 16.10.2017 a 15.06.2018'.

Visto o informe emitido polo responsable do contrato que literalmente dí:

"D. E. G. G., director do Centro Municipal de Benestar Social do Concello de Cangas (Pontevedra)

Informa:

Que a empresa 'IBÉRICA SOLUCIONES FORMATIVAS Y CONSULTORÍA SL', resultou adxudicataria do contrato do servizo de impartición de cursos dedicados a persoas maiores durante os cursos 2016/2017 e 2017/2018, e que esta realizou o servizo axustándose ás condicións descritas no PPT e as ofertadas na súa proposta técnica e económica. Polo tanto proponse favorablemente a prórroga do contrato por un ano.

E para que conste aos efectos oportunos asino o presente informe en Cangas a 7 de maio de 2018'.

Por todo o exposto, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Aprobar a prórroga do contrato suscrito coa empresa 'IBÉRICA SOLUCIONES



Concello de Cangas

FORMATIVAS Y CONSULTORÍA SL', para a prestación do 'Servizo de impartición de cursos dedicados a persoas maiores', desde o 15.10.2018 ata o 14.06.2019.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao contratista e aos departamentos municipais de intervención, apoio xurídico, Centro Municipal de Benestar Social e ao responsable do contrato".

Expediente 7236/2017. Dación conta da concesión de subvención da Deputación de Pontevedra de axuda con cargo aos plans de mobilidade sustentable para concellos

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da seguinte concesión de subvención da Deputación de Pontevedra de axuda con cargo aos plans de mobiliade sustentable para concellos:

"A Deputación Provincial de Pontevedra acordou conceder con cargo ás bases reguladoras para a convocatoria de subvencións para os plans de mobilidade sutentable, publicadas no BOPPO nº 221 de data 17.11.2017 e a solicitude formulada polo Concello, unha axuda de vinte mil euros (20.000,00 €) para a elaboración dun plan de mobilidade sostible".

Expediente 30/2018. Dación conta da concesión de subvencións da Deputación de Pontevedra de axudas con cargo ao POS 2018, liña 2 e liña 3

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local queda informada da seguintes concesións de subvencións da Deputación de Pontevedra de axudas con cargo ao POS 2018, liña 2 e liña 3:

"A Deputación Provincial de Pontevedra por acordos plenarios acordou conceder con cargo ás bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019, publicadas no BOPPO nº 3 de data 04.01.2018 e ás solicitudes formuladas polo Concello, as seguintes axudas e actuacións:

<i>Denominación da actuación e liña</i>	<i>Importe concedido</i>
<i>Liña 2.- Tratamento de residuos sólidos urbanos (Gasto corrente)</i>	<i>96.154,00 €</i>
<i>Liña 3.- Emprego para a conservación e funcionamento de bens e servizos municipais (31 traballadores a xornada completa, por un período de seis meses: 1 auxiliar administrativo, 1 condutor, 2 peóns de emerxencias, 1 conserxe instalacións deportivas, 4 peóns albaneis, 3 peóns xardineiros, 10 peóns agrícolas, 9 peóns varredores)".</i>	<i>249.717,58 €</i>

Proposta da concelleira de turismo e medio ambiente para adhesión á Rede de oficinas de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



turismo "Info Rías Baixas"	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta da concelleira de turismo e medio ambiente, referente a adhesión á rede de oficinas de turismo, que di o seguinte:</p> <p><i>"Primeiro.- Solicitar a adhesión á Rede de oficinas de turismo "Info Rías Baixas".</i></p> <p><i>Segundo.- Declarar que o Concello de Cangas conta con dúas oficinas de turismo, sitas unha na Casa da Bola e outra na Estación Marítima, que cumpren coas características mínimas sinaladas no artigo 4 da ordenanza reguladora da Rede de oficinas de turismo".</i></p>	

Expediente 574/2018. Dación conta da concesión de subvención da Axencia Turismo de Galicia para a promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia-2018 (Danzas ancestrais de Aldán, O Hío e Darbo)	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local queda informada da seguinte concesión de subvención pola Axencia Turismo de Galicia para a promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia-2018 (Danzas ancestrais de Aldán, O Hío e Darbo):</p> <p><i>"A Axencia de Turismo de Galicia por Resolución da súa directora e con cargo ás bases reguladoras para a promoción e difusión das festas declaradas de interese turístico de Galicia, publicadas no DOG nº 24 de data do 02.02.2018 e a solicitude formulada polo Concello, resolve conceder unha axuda de tres mil euros (3.000,00 €) para conservación, valorización e promoción das Danzas ancestrais de Aldán, O Hío e Darbo".</i></p>	

Expediente 7784/2017. Dación conta da concesión de axudas concedidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a dotación de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións bibliográficas	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
<p>A Xunta de Goberno Local queda informada da seguintes axudas concedidas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para a dotación de novidades editoriais en galego e para a mellora das coleccións bibliográficas:</p> <p><i>"A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, ao abeiro das bases publicitadas no DOG nº 240 de data do 20.12.2017, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e para a mellora das coleccións bibliográficas con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia e as solicitudes formuladas polo Concello, resolve conceder ao Concello de Cangas:</i></p>	



Concello de Cangas

- *Programa A.- dous mil cento oitenta e sete euros con cincuenta céntimos (2.187,50 €) de subvención para a dotación de novidades editoriais en galego.*

- *Programa B.- catro mil trescentos trinta e un euros con sesenta e oito céntimos (4.331,68 €) de subvención para a mellora das coleccións bibliográficas".*

Expediente 2291/2018. Proposta do concelleiro de mocidade e voluntariado para solicitude de subvención para o programa "Verán Xoven 2018" (Urxencia)

Non hai acordo

Motivo: ampliar documentación

A Xunta de Goberno Local acorda deixar sobre a mesa, pendente de aprobación, a proposta de data 21.05.2018 do concelleiro de mocidade e voluntariado, referente a solicitude de subvención para o programa "Verán xoven 2018", que é como segue:

"Andrés García Bastón, concelleiro de mocidade e voluntariado, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

** Solicitar subvención de voluntariado xuvenil correspondente á Orde de 16 de abril de 2018, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil e se procede á súa convocatoria para o ano 2018.*

PROXECTO:

Programa "Verán Xoven 2018".

ORZAMENTO DO PROXECTO: 2.800,00 €.

Gastos voluntariado	920,00 €
Gastos correntes	1680,00 €
Seguro de responsabilidade civil e accidentes	200,00 €
GASTO TOTAL	2800,00 €

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

O período subvencionable abranguerá desde o 1 de xaneiro de 2018 ata o 15 de outubro de 2018".

Expediente 1000/2018. Aprobación de expediente de adxudicación de espazos do Viveiro de Empresas de Servizos (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a proposta de data 21.05.2018 da concelleira de desenvolvemento económico e emprego local, referente a aprobación das bases de adxudicación de espazos do viveiro de empresas de servizos do Concello de Cangas, que é como segue:

"Aprobadas en sesión ordinaria realizada o día 19 de marzo de 2018 da Xunta de Goberno Local do Concello de Cangas, as 'Bases reguladoras do procedemento de adxudicación e funcionamento do viveiro de empresas de servizos', que constan no expediente nº 1000/2018.

Publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 64, do 3 de abril de 2018, anuncio de apertura de trámite de exposición pública, segundo o disposto no artigo 87 do Real decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de bens das entidades locais e expostas ao público no taboleiro de anuncios do Concello de Cangas e na sede electrónica deste durante o prazo de 30 días contados desde o seguinte á data de publicación.

Finalizado o prazo de exposición pública o día 16.05.2018 sen recibir alegacións ou observacións, segundo consta no informe emitido polo traballador encargado do rexistro xeral do Concello de Cangas.

Por todo o anterior, a concelleira de desenvolvemento económico e emprego local propón á Xunta de Goberno Local a adopción do presente acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o expediente de adxudicación de espazos do Viveiro de Empresas de Servizos do Concello de Cangas, expediente nº 1000/2018.

SEGUNDO.- Publicar no BOP e a apertura do procedemento de adxudicación, segundo o disposto na base oitava das bases reguladoras antes citadas.

TERCEIRO.- Dar traslado deste acordo os departamento de desenvolvemento local, apoio xurídico, intervención e tesourería".

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850